OPCIÓNS AO FINALIZAR 4º E.S.O



Febreiro 2011



CO TÍTULO:

- Ciclo de Grao Medio da FPE
- Ciclo de G.Medio das Ensinanzas de Réxime Especial
- Bacharelato

SEN O TÍTULO:

- PCPCI
- Educación de adultos
- Proba libre graduado en educación secundaria(18anos)
- Proba de acceso G.M

OPCIÓNS CO GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

CICLOS DE GRAO MEDIO

A nova Formación Profesional

Estrutura dos ciclos

Titulación e promoción

Opcións despois dun CM: Acceso a C.S/inserción laboral

Inserción laboral

Oferta de ciclos

Admisión e matrícula

A nova Formación Profesional

Actualmente coexisten Ciclos LOXSE e ciclos LOE, pero progresivamente se introducirán en tódolos ciclos as titulacións LOE.

Que novidades hai na nova FP ?

- **Novas familias profesionais:**
  - ✗ Enerxía e auga (de momento a única implantada en Galicia)
  - ✗ Industrias extractivas
  - ✗ Seguridade e medio ambiente
  - ✗ Artes e artesanías
- Novos títulos:

  Aparecen novos ciclos e actualízanse os títulos e os currículos dos títulos actuais. En todos eles encontramos os seguintes **cambios:**
  - ✔ Duración de tódolos ciclos medios e superiores de 2000 horas.
  - ✔ Maior polivalencia e ao mesmo tempo maior especialización.
  - ✔ Posesión do Certificado de Prevención de Riscos Profesionais (nivel básico) e do Carné Profesional (cando se require).
  - ✔ Acceso a calquera titulación universitaria dende calquera Ciclo G.Superior

Estrutura dos Ciclos

- A FP estrutúrase en **FAMILIAS PROFESIONAIS.** Cada unha inclúe **CICLOS MEDIOS E SUPERIORES.**

- Nos Ciclos terás **MÓDULOS**. Os módulos equivalen ás materias, áreas que tiñas na ESO.

- Terás **formación teórico- práctica nas aulas e talleres do centro** e, cando superes esta formación terás formación práctica nunha empresa (**formación en centros de traballo: FCT**).

Titulación e Promoción Ciclos

TITULACIÓN

- **Título que obtés**

C.M: Técnico

C.S: Técnico Superior

Ademais nos novos títulos da LOE obtés:

- Certificado nivel básico de Prevención de Riscos Laborais
- Carné profesional

PROMOCIÓN

- **Cantas veces podes repetir?**

No réxime ordinario tes 4 anos para finalizar o ciclo. Se non consigues o título nestes 4 anos terás que continuar pola oferta modular.

Se repites 2 veces o mesmo curso non tes asegurada praza no centro no que estabas matriculado/a

Opcións ao finalizar un C.Grao Medio

Incorporarse ao mundo laboral

- Co título de Técnico tes o Nivel 2 no CNCP. Con el podes:

  - preparar oposicións,

  - montar a túa empresa ou,

  - traballar por conta allea

- Unha parte importante do alumnado que realiza a FCT consigue emprego na empresa que fixo prácticas.
- Algúns centros teñen bolsas de emprego para os seus titulados/as
- Consulta os datos de inserción laboral http://www.edu.xunta.es/fp/files/Insercion_laboral/Insercion_laboral_2005_06.pdf

Acceder á FP de Grao Superior

- Terás que realizar a proba de acceso, pero se queres acceder a un ciclo superior da mesma familia profesional da que xa posúes un título de técnico tes a Exención da parte específica, polo que só tes que prepar a parte común (lingua galega, lingua castelá e matemáticas).
- Recorda que co Título de Técnico Superior:

  - consigues o Nivel 3 no mundo laboral e,
  - podes acceder directamente á universidade

Oferta Ciclos de Grao Medio



Podes consultar a oferta de ciclos medios por familias ou por localidades e coñecer cada ciclo con detalle en:

- www.edu.xunta.es/fp/oferta.htm
- Departamento de Orientación
- Folletos

Solicitude de admisión e Matrícula

Para acceder a un ciclo hai que realizar 2 pasos:

1.Solicitude de admisión

- Hai **2 plazos de admisión:xuño** (para o o alumnado que aprobe a ESO en xuño), **setembro** (para os/as que superen a ESO en setembro)
- Unicamente se pode cubrir **unha solicitude**. Na mesma existe ata 6 opcións para escoller ciclos e centros. É aconsellable cubrir 3-4 opcións para asegurarse praza.
- A **solicitude entrégase no centro escollido como 1ª opción.**
- **Unha vez publicado listado de admitidos poderás formalizar a matrícula**. Debes ter o centro donde entregaste a solicitude e a web www.edu.xunta.es/fp como referentes para informarte.
- **Enlace con toda a información** (descarga de folla de solicitude, instrucións de solicitude de admisión e matrícula, datas, documentación a entregar..: http://www.edu.xunta.es/fp/admisionCM.htm

2. Matrícula

- Hai que matricularse nos prazos indicados, de non facelo se entende que se renuncia á praza.

C.G.MEDIO DAS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL

- Podes cursar ciclos medios das ensinanzas de réxime especial de:

  - Artes plásticas e deseño

  - Ensinanzas Deportivas

- Istas ensinanzas precisan dunha **Proba de acceso específica**



- **Enlaces** con toda a oferta, inscrición, proba de acceso:

➔ **Ensinanzas Artísiticas**

➔ **Ensinanzas Deportivas**

BACHARELATO

- **Estrutura**
- **Ensinanzas ás que dá acceso**
- **Modalidades e materias de 1º e 2º**
- **Elección de Modalidade e materias a cursar en función das ensinanzas ás que se desexa acceder:**
  - ➔ **Pasos para escoller Modalidade e Materias para realizar un Grao Universitario**
  - ➔ **Pasos para escoller Modalidade e Materias para realizar un Ciclo de Grao Superior**
- **Promoción e Titulación**

Estrutura do Bacharelato

- Estrutúrase en **3 modalidades**: **artes, humanístico, ciencias e tecnoloxía**
- Cursas **3 tipos de materias**:
  - **Comúns:** para todo o alumnado, curse a modalidade que curse
  - **Propias de modalidade:** cursas 3 materias en cada curso, das 6 que cursarás en total 5 deben ser da túa modalidade
  - **Optativas:** cursas 1 en cada curso, non podes cursar a mesma materia nos 2 cursos agás 2ª lingua estranxeira.
- **Materias progresivas**:son aquelas que figuran cun número romano, que teñen continuidade en 2º curso e por iso precisan ter cursada a de 1º. Existen outras materias que tamén precisan ter cursado unha determinada materia en 1º curso:

-Física, Química, Electrotecnia de 2º: precisan Física-Qímica de 1º

-Bioloxía, C. da terra e medioambientais de 2º: precisan Bioloxía-Xeoloxía de 1º

Materias e Modalidades Bacharelato

BACHARELATO 1º CURSO				
	CIENCIAS E TECNOLOXÍA	**HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS**	**ARTES**	
			A. Plásticas, deseño e imaxe	**A. Escénicas, música e e danza**
COMÚNS (cursas 6)	Lingua Galega e Lit. I Filosofía e Cidadanía	Lingua Castelá e Lit. I Ciencias para o mundo contemporáneo	Lingua Estranxeira I	Educación Física
PROPIAS DE MODALIDADE (1 obrigatoria + 2 a escoller) As que aparecen en cursiva son progresivas	•*Matemáticas I(obrigatoria)* •Física-Química •*Debuxo Técnicol* •Bioloxía-Xeoloxía •*Tecnoloxía Industr I*	•Hª do mundo contemporáneo (obrigatoria) •*Latín I* •*Grego I* •Economía •*Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I*	•Cultura audiovisual (obrigatoria) •*Debuxo Artístc I* •*D.Técnico I* •Volume	•*Cultural audiovisual (obrigatoria)* •*Análise Musical I* •Anatomía aplicada •Linguaxe e práctica musical
OPTATIVAS	•Optativas de oferta obrigada: Música, 2ª lingua estranxeira, Tecnoloxías da información e a comunicación •Optativas segundo organización e recursos do centro: ➔Materias de modalidade de 1º ➔A materia de Antropoloxía			

Materias e Modalidades Bach.

BACHARELATO 2º CURSO				
	CIENCIAS E TECNOLOXÍA	**HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS**	**ARTES**	
			A. Plásticas, deseño e imaxe	**A. Escénicas, música e danza**
COMÚNS (cursas 5)	Lingua Galega e Lit. II Hª da Filosofía	Lingua Castelá e Lit. II Hª de España	Lingua Estranxeira II	
PROPIAS DE MODALIDADE (1 obrigatoria + 2 a escoller) As materias en cursiva son progresivas ou precisan de ter cursada unha determinada materia en 1º	•*Matemáticas II (obrigat)* •*Física* •*Química* •*Debuxo TécnicoII* •*Bioloxía* •*Tecnoloxía Industr I* •*Ciencias da Terra e Ambientais* •*Electrotecnia*	•Xeografía(obrigatoria) •Historia da arte •*Latín II* •*Grego II* •Economía de empresa •*Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II* •Literatura Universal	•Tecnicas de expresión gráfico-plástica(obrigatoria) •Hª da arte •Deseño •*D.Artístico II* •*D.Técnico II*	•Hª da música e danza (obrigatoria) •Artes escénicas •Literatura Universal •*Análise Musical II*
OPTATIVAS (cursas 1)	•Optativas de oferta obrigada nos centros: 2ª lingua estranxeira •Optativas segundo posibilidades de organización e recursos do centro: ➔Materias de modalidade de 2º (hai que ter cursada a de 1º) ➔As materias de: Ética e filosofía do dereito, Filosofía da ciencia e da tecnoloxía, Métodos estatísticos e numéricos, Xeografía e Historia, Xeoloxía			

Ensinanzas ás que dá acceso

O bacharelato dá acceso ás seguintes ensinanzas:

- Graos Universitarios
- Ciclos Superiores FPE
- Ciclos de Grao Superior de Ensinanzas Deportivas
- Ensinanzas Artísticas Superiores
- Ciclos Superiores
- Estudos Superiores (equivalentes a estudos universitarios)

Pasos para escoller modalidades e materias se queres facer un Grao Universitario

Para escoller adecuadamente debes coñecer:

- 1º A **oferta de Graos**
- 2º A **Nota de corte e as Universidades** donde se cursan
- 3º **Ramas de coñecemento vinculadas aos Graos**
- 4º **Materias de 2º Bach vinculadas ás ramas de coñecemento**

Ramas de coñecemento universitario e a súa relación coas modalidades de BAC

- BAC de Ciencias e Tecnoloxía
  - Rama Ciencias
  - Rama Ciencias de la Salud
  - Rama Ingeniería e arquitectura
- BAC de Artes
  - Rama Artes e Humanidades
- BAC de Humanidades de Ciencias Sociais
  - Rama Ciencias Jurídicas
  - Rama Ciencias Económicas e Empresariais
  - Rama Ciencias Sociais e da Educación
  - Rama Artes e Humanidades

Graos Universit. - Ramas de coñecemento

RAMA	GRAO	
ARTES E HUMANIDADES	Belas Artes	Español: estudos lingüísticos e literarios
	Filosofía	Filoloxía Clásica
	Humanidades	Galego-portugués: estudos lingüísticos e literarios
	Información e documentación	Inglés: estudos lingüísticos e literarios
	Tradución e Interpretación (proba de acceso)	Lingua e literaturas españolas
	Historia	Lingua e literaturas galegas
	Historia da Arte	Linguas estranxeiras
	Xeografía e Historia	Linguas modernas e as súas literaturas
	Estudos de galego e español	

RAMA	GRAO	
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	Administración e dirección de empresas	Educacón Social
	Economía	Pedagoxía
	Ciencias empresariais	Periodismo
	Ciencia política e da administración	Publicidade e relacións públicas
	Ciencias da actividade física e do deporte (proba de acceso)	Relacións laborais e recursos humanos
	Comunicación audiovisual	Socioloxía
	Dereito	Traballo Social
	Dirección e xestión pública	Turismo
	Educación Infantil	Xeografía e ordenación do territorio
	Educación primaria	

RAMA	GRAOS	
CIENCIAS	Bioloxía	Física
	Ciencia e tecnoloxía dos alimentos	Matemáticas
	Ciencias do mar	Química

RAMA	GRAOS	
CIENCIAS DA SAÚDE	Enfarmaría	Logopedia
	Fisioterapia	Psicoloxía
	Podoloxía	Terapia Ocupacional

RAMA	GRAOS	
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	Enxeñaría Informática	Enxeñaría en deseño industrial e desenvolvemento do produto
	Enxeñaría da edificación	

Vínculo das materias de 2º de Bach ás ramas de Coñecemento

Ciencias Sociais e Xurídicas	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Ciencias	Enxeñaría e Arquitectura
-Análise Musical II -Anatomía aplicada -Artes Escénicas -Bioloxía -C. da Terra e Medioambientais -Cultura Audiovisual -D.Artístico II -D.Técnico II -Deseño -Economía -Economía de empresa -Física -Xeografía -Grego II -Hª da música e a danza -Hª da Arte -Hª do mundo contemporáneo -Latín II -Linguaxe e práctica musical -Literatura Universal -Mate máticas II -Mat aplicadas ás CCSS -Química -Técnicas expresión gráfico-plástica -Volume	-Análise Musical II -Anatomía aplicada -Artes Escénicas -Cultura audiovisual -D.Artístico II -D. Técnico II -Deseño -Economía -Economía de empresa -Xeografía -Grego II -Hª da música e a danza -Hª da arte -Hª do mundo contemporáneo -Latín II -Linguaxe e práctica musical -Literatura universal -Matem aplicadas ás CCSS -Técnicas expresión gráfico /plástica -Volume	-Anatomía aplicada -Bioloxía -C. da terra e medioambientais -Física -Matemáticas II -Química	-Bioloxía -C.da terra e medioambientais -Electrotecnia -Física -Matemáticas II -Química -Tecnoloxía Industrial II	-Bioloxía C. da Terra e medioambientais -D.Técnico II -Deseño -Economía -Economía de empresa -Electrotrecnia -Física -Matemáticas II -Química -Tecnoloxía industrial II

Graos Universitarios

Se necesitas mais información sobre os graos (plan de estudos, universidades donde se cursan...) consulta os **Enlaces:**

Titulacións da Universidade da Coruña

- http://www.udc.es/estudos/ga/
- http://www.udc.es/centros/ga

Titulacións da Universidade de Santiago

- http://www.usc.es/gl/centros
- http://www.usc.es/gl/titulacions

Titulacións da Universidade da Vigo

- http://www.uvigo.es/estudios/index.gl.htm

Catálogo de titulacións oficiais(validez en todo o territorio nacional) **e propias**

- http://ciug.cesga.es/

Catálago de titulacións das Universidades galegas e do resto do territorio nacional
http://www.edu.xunta.es/portal/contenido?comando=ContenidoDinamicoComando&accion=verRecurso&trID=6848daf4-c0a8fd0
(baixa o rato ao apartado de **Titulacións**)

Guía DICES: Guía de Titulacións e Profesións

Notas de corte

A maior parte das titulacións teñen un número determinado de prazas.

Para establecer os futuros estudantes en cada unha das titulacións con límite de prazas aplícanse as notas de corte. **A nota de corte nos indica a nota mais baixa coa que un alumno/a puido entrar nunha determinada titulación**. As notas de corte poden variar, pero estas variacións son mínimas.

Para que te fagas unha idea de como están as cousas, no seguinte enlace podes consultar as notas de corte e as titulacións con límite de praza de cada curso e universidade galega:

http://ciug.cesga.es/notascorte.html

Pasos para escoller un Ciclo de Grao Superior

Para escoller un ciclo de grao Superior debes seguir estes pasos:

- **1º paso:** coñecer a oferta de ciclos de Grao Superior.
  Consulta o enlace:
  http://www.edu.xunta.es/fp/oferta.htm

- **2º paso:** vínculo das modalidades de Bacharelato e os ciclos.
  Consulta o enlace:
  www.edu.xunta.es/fp (apartado orientación profesional)

Avaliación, promoción e titulación no Bach.

- **Avaliación:** non se pode superar unha materia progresiva de 2º se non se ten superada a de 1º.
- **Promoción:**pódese promocionar ao curso seguinte con ata 2 materias suspensas
- **Repeticións**: hai 4 anos para superar o Bach polo réxime ordinario. Superada a permanencia de 4 anos no réxime ordinario se non tes a titulación podes continuar polo réxime de adultos
- **Titulación**:Título de Bachiller. é necesario superar todas as materias dos dous cursos

OPCIÓNS
CON TÍTULO E SEN TÍTULO
EN CALQUER NIVEL EDUCATIVO

Cursos Aulas Mentor

Cursos de Formación para o emprego

Inserción Laboral

CURSOS DE FORMACIÓN

- Cursos Aulas Mentor
- Cursos de Formación para o emprego

Cursos Aulas Mentor

Que son?

-Son ensinanzas non regradas , abertas, flexibles e a distancia, con titoría telemática a través de internet.

-Non requiren presencia na aula. A oferta formativa facilita a oportunidade de actualizar o perfil profesional, potenciar o acceso ao emprego e aumentar a formación básica..

-As aulas contan con ordeador e conexión a internet para aquelas persoas que non queran ou non teñan a posibilidade de seguir o curso dende o seu ordeador

A quen están dirixidos?

-Persoas maiores de 18 anos. Non se require titulación previa.

-Calquera adulto que desexe formarse para acceder a un posto de traballo ou aumentar o seu nivel cultural.

Como se organizan?

-As aulas dispoñen de ordenadores, número de conta en internet para cada alumno, CD-ROM, vídeos, biblioteca, etc., así como un profesor-administrador que axuda aos alumnos nas súas conexións á rede, na comunicación co titor e en todo o que facilite o proceso de aprendizaxe.

-O horario de asistencia á aula acórdase co profesor-administrador dos centros EPA.

-O alumno recibe unha conta de conexión gratuíta a internet e non necesita asistir á aula, excepto para realizar a proba final presencial.

-Os cursos poden iniciarse calquera día do ano escolar e cada alumno leva o seu ritmo de aprendizaxe.

-O titor non está na aula, comunícase co alumno por correo electrónico e contesta en 24 horas a todas as dúbidas.

Acreditación

Ao superar o curso, o alumno recibe unha certificación.

Oferta de cursos MENTOR e mais información

A oferta de cursos inclúe cursos de: medios audiovisuais, PEME, programación, deseño web, electrónica, ofimática, redes e equipos, deseño e autoedición, internet, inglés... Consulta a oferta completa na Web das Aulas mentor: http://www.mentor.mecd.es

Cursos Formación para o Emprego

Por que seguir formándote?

Tes saber que tanto se estás a traballar como se estás en situación de desemprego, debes actualizar ou especializar os teus coñecementos para ser un/ ha profesional cualificado/a. Unha das maneiras é realizar cursos de formación para o emprego.

Oferta de cursos

Hai cursos de formación para o emprego segundo a persoa estea en situación de desemprego ou ocupada. Pincha nos seguintes **enlaces** coñecer a súa oferta(busca por sector, ou localidade):

Desempregados/as: http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/formacion_cualificaciones/sec_formacion_desem

Ocupados/as: http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/formacion_cualificaciones/sec_formacion_ocupado

A programación dos cursos é anual, e faise pública aproximadamente sobre o mes de febreiro.

Unha recomendación

A formación para o emprego debes incluila **no teu Curriculum Vitae no apartado Formación Complementaria.** vai a indicar ao empresario/a o teu nivel de actualización, especialización e/ou polivalencia no sector profesional no que traballas ou buscas emprego.

Mais información

- Orientador laboral do concello ou do SPE (servicio público de emprego)
- Orientador educativo

Inserción Laboral

Se queres buscar emprego **CONTACTA CON:**

- **Oficina do Servicio Público de Emprego de Betanzos** para os empadroados en Abegondo (demanda de emprego, cursos de formación para o emprego...): R/ Venezuela, 39. Betanzos. Tlfnos: 981 770 102 - 981 770 009.Información xeral · Tel. 902 125 000. Debes levar o D.N.I

- A **orientadora Laboral do concello de Abegondo** (bolsa de emprego do concello, información e axuda ao emprego, oferta de cursos de formación...)

e **CONSULTA**:

1. Os seguintes **recursos do concello de Abegondo:**

- Guía de busqueda de emprego
- Directorio de empresas e comercios de Abegondo

2. as seguintes webs de organismos oficiais:

- Servicio Público de Empleo Estatal
- Servizos Públicos de Emprego
- Consellería de Traballo
- Guía Laboral del Ministerio
- Boletín de informacion semanal de convocatorias públicas de emprego
- Función Pública Autonómica: listas de contratación pública

OPCIÓNS SEN TÍTULO

PCPI

Estrutura e Características do PCPI

Exemplo módulos voluntarios 1º curso

2º curso Módulos obrigatorios

Exencións 4º- PCPI

Oferta e proceso de admisión

Estrutura e características do PCPCI

- **Para que cursar un PCPCI:**
  - ➔ Para iniciarte profesionalmente
  - ➔ Para preparar a proba de acceso a ciclos e mesmo obter exención na parte da proba no caso de que queiras continuar estudos de FP
  - ➔ Para obter o Graduado en Educación Secundaria (só se cursas o 2º ano)

- **Requisitos:**
  - ➔ Académicos: non ter o graduado en educación secundaria
  - ➔ de idade: Ter 16 anos ou 15 de forma excepcional

- **Duración e certificación/titulación:**

➔ 1º ano obrigatorio: obtés un certificado profesional, nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais(CNCP)

➔ 2º ano voluntario: obtés o Graduado en Educación Secundaria

- **Módulos:**

➔ 1º ano, cursas módulos:

-específicos: desenvolven as competencias do perfil profesional

-formativos de carácter xeral: competencia comunicativa, sociedade e cidadanía, científico-matemático, iniciativa persoal e relación laboral

➔ 2º ano, cursas os mesmos módulos que na educación de adultos

Exemplo do 1º curso dun PCPI

<table>
<tr><th colspan="3">Módulos OBRIGATORIOS 1º CURSO PCPI MECANIZADO
(Familia: Soldadura e Caldeirería)</th></tr>
<tr><th colspan="2">NO CENTRO (de setembro a maio)</th><th>NA EMPRESA (xuño)</th></tr>
<tr><td>Específicos</td><td>Formativos de carácter xeral</td><td rowspan="5">FCT

Este módulo se inicia cando se teñen aprobados os módulos Específicos e os Formativos de carácter xeral</td></tr>
<tr><td>1. Operacións de fabricación</td><td>1.Competencia comunicativa e dixital</td></tr>
<tr><td rowspan="3">2. Operacións de montaxe</td><td>2.Sociedade e cidadanía</td></tr>
<tr><td>3.Científico-Matemático</td></tr>
<tr><td>4. Iniciativa persoal e relacións laborais</td></tr>
</table>

2º curso:Módulos voluntarios

Organización dos módulos voluntarios conducentes á obtención do Graduado en Educacion Secundaria

ÁMBITOS Coinciden cos ámbitos de coñecemento da educación de adultos. Inclúen aspectos básicos de varias materias	**MATERIAS COAS QUE SE RELACIONAN**
Comunicación	-Lingua Galega e Literatura -Lingua Castelá e literatura -1ª lingua estranxeira
Social	-C. Sociais, xeografía e historia -Educación para a cidadanía, e -os aspectos perceptivos das materias de: Educacion Plástica e visual, Música
Científico -Tecnolóxico	-Matemáticas -Ciencias da Natureza -Tecnoloxías -os aspectos relacionados coa saúde e co medio natural da materia de Educación Física.

- **Se aprobas os módulos voluntarios CONSEGUIRÍAS O TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA**
- **Se non aprobases** tódolos módulos do 2º ano **poderías continuar pola educación de adultos** xa que che validarían o conseguido no PCPI. Igualmente, poderías conseguir **exencións parciais nas probas de acceso a ciclos de grao medio**

Exencións 4º ESO - 2º Curso PCPI

4º ESO	**Módulos voluntarios PCPI**
Lingua Galega e literatura Lingua Castelá e literatura e, 1ª ou 2ª lingua estranxeira	Comunicación
Matemáticas Bioloxía-Xeoloxía Física-Química e, Tecnoloxías	Científico-Tecnolóxico
Ciencias Sociais, xeografía e historia	Social

Oferta e inscripción PCPI

- Oferta e inscripción 1º curso
- Oferta 2º curso PCPI

EDUCACIÓN DE ADULTOS: Nivel I e II das ensinanzas conducentes á obtención do título de Graduado en Educación Secundaria

Quen pode acceder?

Do alumnado de Viós do curso 09-10:

- Os/as maiores de 18 anos ou aqueles/as que os cumpran no ano natural en que comeza o curso escolar.
- Os/as maiores de 16 anos que tendo un contrato laboral non poidan asistir aos centros educativos en réxime ordinario ou, sexan deportistas de alto rendemento

Organización da etapa de Ed.adultos para a obtención do título de secundaria(nivel I/II)

- **2 Niveis** (ou cursos) : **I e II.**

- **3 Ámbitos** (cada ámbito inclúe aspectos de varias materias):

ÁMBITOS	MATERIAS COAS QUE SE RELACIONAN
Comunicación	-Lingua Galega e Literatura -Lingua Castelá e literatura -1ª lingua estranxeira
Social	-C. Sociais, xeografía e historia -Educación para a cidadanía, e -os aspectos perceptivos das materias de: Educacion Plástica e visual e, Música
Científico -Tecnolóxico	-Matemáticas -Ciencias da Natureza -Tecnoloxías -os aspectos relacionados coa saúde e co medio natural de Educación Física.

- **Módulos:** cada ámbito ten 4 módulos. Distribúense da seguinte maneira: 2 módulos en cada nivel (ou curso) e, dentro do nivel un se imparte no primeiro trimestre e outro no 2º trimestre.

Validacións, equivalencias e adscrición ás etapas,módulos e ámbitos da Edc.adultos

- Cando se teñan estudos realizados, o/a alumno/a poderá acollerse ás equivalencias recollidas nos seguintes anexos.
- Cando o alumno/a, non acredite estudos que poidan ser obxecto de validación, a adscrición a unha etapa, nivel e módulo realizarase mediante unha avaliación inicial
- O alumnado pode estar asdcrito a un módulo diferente en cada ámbito
- Cando a avaliación continua do alumno/a amose que a adscrición a un nivel ou módulo foi inadecuado, ofreceránse medidas de atención á diversidade ou, pódese optar pola incorporación ao módulo que corresponda polo nivel de coñecementos.

Equivalencias das materias de 1º e 2º ESO cos módulos 1 e 2 do nivel I de educación secundaria para persoas adultas

Materias superadas de 1º ESO para obter a equivalencia no ámbito correspondente	**Ámbito no Módulo 1 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas equivalente**
Matemáticas e, Ciencias da natureza	Científico-Tecnolóxico
Lingua Galega e literatura Lingua Castelá e literatura e, 1ª ou 2ª lingua estranxeira	Comunicación
Ciencias Sociais, xeografía e historia	Sociedade
Materias superadas de 2º ESO para obter a equivalencia no ámbito correspondente	**Ámbito no Módulo 2 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas equivalente**
Matemáticas, Ciencias da natureza e, Tecnoloxías	Científico-Tecnolóxico
Lingua Galega e literatura Lingua Castelá e literatura e, 1ª ou 2ª lingua estranxeira	Comunicación
Ciencias Sociais, xeografía e historia Educación para a cidadanía e os dereitos humanos	Sociedade

Equivalencias das materias de 3º e 4º ESO cos módulos da educación secundaria para persoas adultas

Materias superadas de 3º ESO para obter a equivalencia no ámbito correspondente	Ámbito no Módulo 3 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas equivalente
Matemáticas Bioloxía-Xeoloxía Física-Química e, Tecnoloxías	Científico-Tecnolóxico
Lingua Galega e literatura Lingua Castelá e literatura e, 1ª ou 2ª lingua estranxeira	Comunicación
Ciencias Sociais, xeografía e historia	Sociedade

Materias superadas de 4º ESO para obter a equivalencia no ámbito correspondente	Ámbito no Módulo 4 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas equivalente
Matemáticas Bioloxía-Xeoloxía Física-Química e, Tecnoloxías	Científico-Tecnolóxico
Lingua Galega e literatura Lingua Castelá e literatura e, 1ª ou 2ª lingua estranxeira	Comunicación
Ciencias Sociais, xeografía e historia	Sociedade

PROBAS

- **Probas de acceso a ciclos de grao medio**
- **Probas Libres de Graduado en Educación Secundaria (maiores 18 anos)**

Probas de acceso a Ciclos de Grao Medio

Que finalidade teñen?

Permiten o acceso á FP de Grao Medio cando non se ten o graduado en educación secundaria ou o equivalente. Hai que te claro que este acceso non significa que se consigue o graduado en educación secundaria senón que se permite o acceso aos ciclos de grao medio.

Requisitos para inscribirse

➔ NON ter os requisitos de acceso directo aos ciclos formativos de grao medio
➔ Ter cumpridos 17 ANOS ou que se cumpran no ano natural de realización da proba.

Partes da proba

PARTES DA PROBA DE ACCESO A GRAO MEDIO	
Parte Sociolingüística	Inclúe probas das áreas: • L.Castelá • L. Galega • Ciencias Sociais
Parte Matemática	Matemáticas
Parte Científico -Técnica	Inclúe probas das áreas: • Ciencias da Natureza • Tecnoloxía

Que pasa se se supera unicamente unha ou dúas partes da proba pero non se supera a proba completa?

Se realizaches a proba en Galicia e non a superaches na súa totalidade, poderás manter a cualificación obtida nas partes superadas en Galicia e durante un máximo de 2 anos

Se se supera a proba, é válida para o ano no que se realiza ou mantén a súa validez en anos seguintes?

A superación da proba mantén a súa validez a partir do momento en que se certifica a súa superación e en anos seguintes

Podo solicitar Exención Parcial ou Total da proba?

Si, pódense solicitar tanto exencións parciais como totais

A **solicitude de exencións parciais da proba** deberase formular no momento da inscripción. As exencións parciais non se teñen en conta para o cálculo da nota media. Como non estades en situación de exención total unicamente vos remitimos a **www.edu.xunta.es/fp**

o **Exención da parte Sociolingüística**, acreditando: ⇒ Ter superados os ámbitos Social e da Comunicación dun PCPI ou do nivel II da educac de adultos
o **Exención da parte Matemática e da parte Científico-Técnica**, acreditando: ⇒ *Ter superado o ámbito Científico-Tecnolóxico dun PCPI* ou do nivel II da educac de adultos
o **Exención da parte Científico-Técnica**, acreditando unha das seguintes circunstancias: ⇒ *Ter superado os módulos obrigatorios dun PCPI* ⇒ Dispor dun certificado de profesionalidade de calquer nivel, consonte o Real Decreto 34/2008. ⇒ Ter, como mínimo, un ano de experiencia laboral en xornada completa, con independencia do campo profesional en que se traballara econ anterioridade ao remate do período de inscrición para as probas.

Enlace con toda a información:

Podes consultar a seguinte información:

modelos de exame, contidos e materiais para prepara a proba, inscrición: folla de inscrición, lugares, listado de admitidos e excluídos,calendario e lugar das probas,listados de persoas que superan as probas ..

en:

- http://www.edu.xunta.es/fp/probasCM.htm
- Departamentos de Orientación

Donde se pode facer a inscripción para as probas?

Na secretaría de calquer centro que imparta ciclos formativos.

PROBA LIBRE GRADUADO ESO

- **En que consiste?**

É unha proba que permite obter o Título de Graduado en ESO.

- **Quen pode presentarse?**

Os/as maiores de 18 anos (cumpridos o día anterior á celebración da proba) que cumpran os seguintes requisitos:

- Non estar inscrito/a para a superación das materias de 4º
- Non estar matriculado na educación secundaria para adultos

Proba Libre Graduado en ESO

- **Como se organiza a proba?**

Hai 3 bloques de exercicios correspondentes aos ámbitos de coñecemento seguintes:

- Científico-tecnolóxico
- Comunicación
- Social

- **Exencións:**

Podes ter exención dalgun bloque se tes as partes equivalentes aprobadas en 4º ESO, PCPCI ou, educación de adultos

- **Convocatorias:**

Xuño e Setembro

Exencións Probas libres

4º ESO	Módulos voluntarios PCPI	Grupos de materias das probas para obter o graduado en educación secundaria
Lingua Galega e literatura Lingua Castelá e literatura e, 1ª ou 2ª lingua estranxeira	Comunicación	Lingüístico
Matemáticas Bioloxía-Xeoloxía Física-Química e, Tecnoloxías	Científico-Tecnolóxico	Científico-Tecnolóxico
Ciencias Sociais, xeografía e historia	Social	Ciencias Sociais